Roteiro Neixón no abrente da historia

MILAGROS TORRADO CESPÓN

asociación de escritoras escritores en lingua galega
www.aelg.gal

ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2026

SUBVENCIONADA POR :

Deputación DA CORUÑA

CO APOIO DE:

CONCELLO DE BOIRO

barbantia®

Neixón no abrente da historia

Milagros Torrado Cespón

Primeira parada, exterior do Centro Arqueolóxico do Barbanza.

Cespón leva aquí moito tempo, dende antes de ser Cespón, cando aínda era Sispalona e, se no século XII xa a *Historia Compostelá* falaba de Sancti Vicentii de Sispalona (Ayán et al. 2007), isto quere dicir que levabamos séculos de historia ás costas. O topónimo foi deturpando co paso dos anos ata perder na escrita o <s> converténdose nun <c> hipercorrixido que ninguén na parroquia pronunciou nunca, tanto por pertencermos ao bloque occidental do galego como porque, en realidade, nunca estivo aí. O <o> final pechouse para os foráneos, pero os nativos seguimos a pronunciar ese <o> aberto como herdanza do <a> perdido de Sispalona, logo Sispaón e, finalmente, Cespón.




Figura 1. O ladrón de mel*, primeiro libro da serie e onde se presenta a Manicho Cativo (Carreiro, 2007c).*

Pero todo tivo que comezar aquí, en Neixón, por ser a conexión co mar e evidenciar claramente un asentamento humano prehistórico.

Durante esta andaina imos pasear polas terras de Manicho Cativo, o personaxe creado por Pepe Carreiro ala polo 2007 (fig. 1) para darlle continuade á serie de banda deseñada *Os Barbanzóns*. Manicho é un personaxe moi significativo para a proxección deste lugar porque puxo o castro de Neixón no mapa do imaxinario infantil. Convértese así nunha compaña inmellorable para vir canda nós neste paseo polo que un día foi o seu fogar.

O noso punto de partida é o Centro Arqueolóxico do Barbanza. Abriu as súas portas ao público no 2002 para poñer en valor tanto os asentamentos deste promontorio como toda a cultura arqueolóxica da comarca do Barbanza. Os veciños da parroquia de Cespón temos a costume de sentilo como noso e convertémolo na unión do coñecemento e a paisaxe da aldea. Quizais porque sempre viña xente a Neixón aprender e o normal é que siga vindo. Os pioneiros nos estudos sobre Neixón foron López Cuevillas e Bouza Brey, que, en 1926, publicaron no *Boletín da Real Academia Galega* "Prehistoria Galega. O Neixón" (1926a, p. 1):

A carón de Rianxo, en termos da freguesía de Cespón, concello de Boiro, hai unha punta de terra que cingue pol-o SW â pequena bahía de Beluso. Ista punta chamada O Neixón, estreita e de pouco altor, entra no mar us 400 metros e amóstrase no lado de terra coberta de piñeirás que perteñecen á aldea de Nine, mais na sua mor parte óllase ispida d'arboredo e vestida soilo d'herbas e toxo, descobrindo no remate lambido pol-o mar e n'algus sitios outos o seu rexo esquelete de pendías esquistosas. Avíscanse dend'ela os pazos fidalgos de Rianxo, os eidos verdexantes de Taragoña, e o cume achairado do Castro Barbudo, e voltándose car'outa banda da ría, dexérganse pirmeiro os campos de Abanqueiro e despois, mais lonxe, branquexan esmorecidas xa pol-a brétema as casas de Vilaxoán i-ergue a súa masa valente e penedosa o monte Lobeira.

É digno de eloxio o texto co que os dous investigadores presentan o promontorio. Xa ninguén fala así no mundo da arqueoloxía. Cuevillas e Bouza Brey bordaban o seu texto sobre Neixón con verbas de sonoridade escollida para que a lectura se fixese gozosa nunha simbiose perfecta entre literatura e divulgación.

Seguindo pola parte das artes, explorara tamén Neixón o pintor Roberto González del Blanco, ilustrador das publicacións de Cuevillas e Bouza Brey e que residía no Pazo de Agüeiros durante os períodos estivais (Rey Alvite, 1920). Retratou a vida festiva da parroquia co cadro *Romaría de Cespón* (fig. 2) no que recoñecemos a capela de San Roque e a igrexa parroquial e casas do entorno. Durante anos, esta obra daba a benvida ao Hotel Compostela, mostrándolle aos hóspedes as nosas maneiras. Por desgraza, tralas sucesivas reformas do hotel, o cadro atópase hoxe en paradoiro descoñecido.



Figura 2. Romería de Cespón con González del Blanco dando os últimos retoques (anos 1950). Fotografía de Leonardo González Pérez (El Ayán, 2009)

Ante este cadro, non resulta difícil imaxinar os tempos nos que Cespón tiña unha feira. O 18 de decembro de 1931, Benito Calo, alcalde de Boiro e membro da Organización Republicana Gallega Autónoma (Rodríguez Gallardo, 2022), remitíralle ao gobernador civil da provincia o expediente instruído polo Concello para crear unha feira na parroquia de Cespón. O 6 de xaneiro de 1932 chegou a resposta do gobernador indicando que el nada tiña que decidir sobre estas cousas, xa que eran competencia do concello. A feira celebrouse o 4 de febreiro de 1932 e dela fíxose eco o xornal *El Pueblo Gallego*:

...estando concurridísima a pesar de la torpe propaganda que ciertos elementos caciquiles hacen contra dicha feria solamente por favorecer intereses personales. (Boiro, 1932, p. 11)

Unha vez estalada a Guerra Civil, da feira non se volveu falar. Quizais non había nada que levar á feira máis que medo e desfeita.

Segunda parada, a sombra do castiñeiro da envexa.

Que diría Manicho de todos os cambios que tivo a súa paisaxe dende que el morou nestas terras? Que diría da chegada do millo e dos eucaliptos? E que diría baixo esta árbore, o castiñeiro da envexa (fig. 3).



Figura 3. Castiñeiro da envexa en Neixón (fotografía de Roque Brandón).

As castañas da envexa non se comen, non coma as landras, das que se pode facer fariña, como a que de seguro facía Manicho cativo nos muíños de man atopados nas escavacións. Pero o caso das castañas da envexa é diferente e de maior importancia noutro plano. O froito do que coñecemos como castiñeiro de Indias, é un amuleto para o mal de ollo. Para que nos protexa, hai que coller unha castaña e levala no peto, algo que tamén compartimos cos habitantes das Illas Hébridas en Escocia (Torrado Cespón, 2009). O seu uso está conectado coa semellanza entre este froito e un ollo, por aquilo de que os equivalentes protexen do mal.

Porén, nos tempos de Manicho, os métodos para previr o mal de ollo eran

outros, posto que os castiñeiros da envexa aínda non chegaran a Neixón. Esta árbore leva connosco só preto de dous séculos e exportouse como elemento decorativo. Asentouse como indicador de casas farturentas nas que se podía prescindir de espazo de cultivo para presumir de árbores importadas.

O que si poderían ter nos tempos do Castro Grande é o loureiro, porque o asentamento estivo presente durante a romanización, que é cando o loureiro chegou a estas terras. Na actualidade temos numerosos loureiros pola contorna de Neixón e que tamén podemos empregar para o mal de ollo (Torrado Cespón, 2009). O loureiro é unha das plantas máis recorrentes nos rituais de curación contra este mal sempre e cando sexa unha planta que naceu de maneira salvaxe. Protexe as cortes queimándose nelas ou colocándose na entrada e libra aos nenos do mal cativo, o aire ou calquera outra forma de referirse ao mal de ollo que temos pola zona.

Para sacarlle o aire aos nenos (Torrado Cespón, 2009), quéimanse vidras de uva branca enriba de tellas virxes e bótanselle á fogueira loureiros. Espíase ao neno e, dúas mulleres, pásano por riba do fume desa fogueira mentres recitan:

Loureiro que fostes nado,
Nin cortado nin derramado,
Quítalle o aire de morto
E dálle o de vivo
E que non sexa escomuncado.

En cada pasada, as mulleres teñen que rezar un Nosopai e unha Avemaría, un total de nove veces. Despois, envólvese ao rapaz nunha mantiña que nunca se usara antes. Déixase arder a fogueira ata que apague soa e recóllense as cinzas. Penéiranse e mestúranse con auga fervida. A auga divídese en nove partes e báñase o neno empezando polos pés. Ao acabar, sécase o meniño e a auga que se usou cóase cun anaco de saba branca. Na saba sairía un pelo. Se era humano, a culpa do mal era dunha muller. Se era animal, fora unha gata. O importante é que a culpa sempre a levaba un ser feminino, muller, gata, bruxa ou, quen sabe, incluso moura.

Terceira parada, mouros e mouras

Cando Manicho estaba por aquí, seguro que había noites de festa e historias. A tradición popular é de vital importancia para a supervivencia do imaxinario dos pobos: sen ela, non seríamos o que somos nin medraríamos diferenciados dando riqueza ao mundo. A nosa parroquia tamén ten cancións e lendas que se veñen transmitindo, quen sabe, quizais dende o tempos habitantes dos castros. Aquí no lugar de As Trabes, detrás do Centro Arqueolóxico do Barbanza, conectamos coa lenda da trabe de ouro e a trabe de

alcatrán, lugar onde un veciño contara a López Cuevillas e Bouza Brey que estaban enterradas (1926a).

Esta historia forma parte dun motivo moi estendido na tradición oral galega. Fernando Alonso Romero sinala que as trabes de ouro aparecen asociadas principalmente a castros, castelos e outros lugares destacados da paisaxe. Ás veces fálase dunha única trabe, pero o habitual é que sexan dúas: unha de ouro e outra de alcatrán, xofre, veleno ou peste. A primeira faría rico a quen a atopase; a segunda podía causar a súa morte e mesmo estender a desgraza por varias parroquias, de aí que os que andaban na procura delas se coidaran moito de valorar os riscos, pois poderían condenar a todos se se trabucaban. As trabes podían ir dun castro a outro, unir dous monumentos ou atravesar camiños e ríos (Alonso Romero, 2009). Alonso Romero considera que estas trabes posúen tamén un significado topográfico: ao unir lugares relevantes, representarían simbolicamente os límites dun territorio e a pertenza dunha comunidade a ese espazo (2009). Esta interpretación resulta especialmente suxestiva en Neixón, pois a lenda que se recolleu contaba que a trabe atravesase a ría de Beluso e unise o castro coa antiga torre de Rianxo. A trabe imaxinaria convertía así dous puntos visibles da paisaxe nun único territorio lendario.

As trabes de Neixón identifícano indiscutiblemente como asentamento dos mouros onde se agochaban inmensas riquezas. O tesouro de Neixón parecía estar nunha mina debaixo do mar que, segundo o informante:

aínda hai pouco tempo víase a súa entrada, qu'era moi fonda e tiña un letreiro pra qu'a xente se temese d'entrar nila (López Cuevillas e Bouza Brey, 1926b, p. 104).

O tema de quen eran os mouros provocou confusión entre a xente ao confundirse a raíz de dúas palabras homónimas. Por un lado, temos os mouros galegos, seres do ultra mundo que habitaban castros e dolmens, que derivan da raíz céltica **mrvos*, relacionado cos habitantes do alén. Por outra banda, un mouro é unha persoa do norte de África ou de relixión musulmá, do latín *maurus*, habitante de Mauritania.

Vicente Risco contribuíu a esta confusión ao incluír a seguinte conversa na súa obra *A trabe de ouro e outros contos* (1925):

Os mouros principiaron a berrar:
- ¡Alah! ¡Alah! ¡está vendo a Alah!
O Goriño estaba un pouco mareado; batíalle o corazón, batíanlle as tempas, estaba medio xordo... mais logo íao prender novo enmeigamento.
Recolleron á moura e levárona outra vez ao leito onde el estaba, toda encoira, quente que queimaba, arrecendendo a perfumes raros que daban loucura, e un mouro vello que axudara a traela díxolle ao Goriño:
- ¡Cristián: vas coñecer o Paraíso que o noso Profeta Mahoma ten prometido aos seus crentes!

E a moura caeulle xemendo no colo e botoulle ao pescozo os dous brazos...
Nisto, entra de supeto outro mouro.
Era moi vello, cangado dos anos, todo enrugadiño cunha barba branca que lle chegaba máis abaixo da barriga. Viña espido e contábanselle as costelas. Non traía máis que un lenzo pasado polos cadrís e un turbante verde.
De que repararon nel, todos os mouros se botaron ao chan dicindo:
- ¡El Hadjí! ¡El Hadjí!
O vello, sen facer caso daqueles acatamentos, berrou enrabechado:
- ¡Xa é hora, traede ao cristián!

Cuevillas e Bouza Brey (1926b) tamén recolleron na zona lendas de mouras que poñían a súa tenda para que as desencantaras dicíndolle que o que máis che gustaba do que había era "a tendiña e mais a señoriña" (p. 105). Había tamén unha vella fiando na roca, outra moura, e que os mouros fuxiron de Neixón deixando tras deles todo tipo de utensilios cotiás. Incluso se contaba por estes lares que por debaixo da terra oíase tocar a gaita de fol con melodías que ían cambiando, porque, quen sabe, igual seguen aquí nun universo paralelo. Atendede, que pode que oiades algo.

Cuarta parada, a romaría de Neixón.

Ademais de tesouros, en Neixón, non hai un agosto sen romaría. A festa de Neixón non é desas con séculos de historia ou devoción relixiosa, senón que veu á conta da construción do campo de fútbol no lugar en 1978. Isto non lle pareceu moi ben ao párroco, que escribiu aos seus superiores para expoñer que:

(...) por razones pastorales desea tener una procesión con las imágenes de Ntra. Sra. Del Carmen y de S. Vicente al monte de Neixón (...) y misa al aire libre con motivo de una romería gallega el día 11 (Ayán et al., 2007, p. 115).

A romaría de Neixón é un evento festivo que reúne todos os anos a veciños e foráneos, que cantan e bailan e sacoden o farroupeiro, tal e como dicía a cantiga recollida por Bouza Brey en Beluso a



Figura 4. Abeloura nas festas de Neixón 2026 (fotografía de Raquel Alcalde).

principios do século XX. O Grupo Abeloura (fig. 4) ameniza agora as sesións vermú desta romaría cantándonos iso de:

Dáme viño, dáme viño;
auga non ch'a podo ver;
sonche d'esta condición
e con ela hei de morrer.

Que Marcial Valladares (1970) recollera pola comarca do Ulla.

Quinta parada, o Castro Grande.

Paramos onda o Castro Grande (fig. 5), un asentamento posterior ao que temos na punta de Neixón, que é onde vivía Manicho Cativo. Aquí viviuse a segunda idade de Ferro e a romanización. Tamén cabe a posibilidade de fose aquí onde se iniciou o proceso de cristianización da nosa parroquia ao atoparse na campaña do 2018 os restos dun posible templo (Barbeito Pose et al. 2026).



Figura 5. O Castro Grande (fotografía de Roque Brandón).

Na arquitectura relixiosa da parroquia destaca, sobre todo, a igrexa de San Vicenzo de Cespón, que alberga un fantástico baldaquino gótico. Nela tivo lugar un milagre documentado, o de Constanza, unha muller impedida das pernas que recibiu o favor da virxe dos Anxos, á que se lle ten moita devoción na contorna. Segundo contaba miña avoa, Constanza estaba rezándolle á Virxe e apagóuselle a vela. Entón, a Virxe dixo "Constanza, levántate e acéndeme unha vela". Ela contestou que non podía, pero a Virxe díxolle que si e ergueuse, quedando curada para sempre. Dicía miña avoa que no tempo dela xa non estaban, pero que as muletas quedaran moito tempo alí, ata que a couce as

devorou. Despois disto, Constanza fíxose monxa e chegou a prioresa do Convento das Orfas en Santiago de Compostela (Ayán, 2007).

Destaca tamén nesta parroquia polo número os cruceiros. Algún deles, debuxado por Castelao na seu estudo As Cruces de Pedra na Galiza, como o cruceiro de Cubeliño. Entre a variedade da parroquia, atopamos cruceiros de meniños, nos que se enterraban os bebés sen bautizar por non estar autorizado o seu soterramento en solo santo. Nalgúns casos, estes cruceiros teñen un muro que se fixo para evitar que os cans fosen desenterrar os corpos que o catolicismo desprezara. En Nine temos o cruceiro da Carballeira (fig. 6), que foi mandado facer por Jesús Bermúdez Cespón cando volveu da Arxentina. No peto das ánimas que ten o cruceiro vaise xuntando para terlle misas aos meniños que están alí soterrados (Torrado Cespón, 2010).



Figura 6. Cruceiro de Nine. Detalle do cerrado protexendo o cemiterio de meniños (fotografía de Roque Brandón).

Tradicionalmente, tíñase certo temor de pasar polos cruceiros de meniños por medo a atopar alí algo do outro mundo. Contaba unha muller de Vilariño que seu pai, unha noite, veu como a Santa Compaña facía todo o percorrido de cruceiro en cruceiro (Torrado Cespón, 2020).

Sexta parada, mirando cara Rianxo

Manicho Cativo tiña de veciños aos de Rianxo, aínda que Pepe Carreiro púxolle os amigos en Baroña. A relación entre a parroquia de Cespón e Rianxo non é só xeográfica, senón que, administrativamente, Cespón pertenceu á Xuridisción de Rianxo ata comezos do século XIX. Aínda que se separaran, relación entre Cespón é Rianxo continuou a ser de interdependencia no referente á pesca e en canto a comunicacións, pois era máis fácil chegar ao outro lado da ría de Beluso en gamela que chegar a Boiro a pé. Podemos imaxinalos xuntos durante a abundancia da sardiña nos 1940 cantando:

Ai Rianxo, Rianxo,
Pájaro Pinto,
a ganancia do peixe
xa se vai indo.
Xa se vai indo, Rianxo,
xa se marchou,
ai, Rianxo, Rianxo,
quen a levou?

Que a veciña Josefa Fernández Dieste matizaba con Neixón nunha estrofa que aparecía nas actividades de recuperación da tradición oral realizada polo Concello de Boiro (Fernández Dieste, 2005)

Dende a punta de Neixón
Vin saltar unha cabala.
Mariñeiros de Rianxo
Vinde largar a secada.



A. Castelao

Notable caricaturista, cuyos trabajos, expuestos en el Salón Iturrioz, de esta corte, han sido muy elogiados por la crítica y por el público

Figura. 7. Castelao na reportaxe sobre a súa exposición en Madrid (Francés, 1912).

O promontorio de Neixón aparece tamén relacionado con Castelao xa que se di que foi aquí onde se lle realizou unha homenaxe en 1912 por ter ganado unha medalla na Exposición Iturioz de Madrid (Consello da Cultura Galega) (fig. 7).

Castelao tamén pasaba tempo na parroquia de Cespón, na casa de Ramón Fernández Mato, fabuloso xornalista que, ademais, nos deixou prosa e verso:

Los frisos del deseo. Vigilia
Esta noche mis ojos a cerrarse se niegan,
el insomnio se ha hecho de mis nervios señor;
esta noche en silencio y sin rumbo navegan
indecisos designios y quimeras en flor.
Una estrella me atisba, temblorosa y despierta;
los siseos del viento a la escucha me incitan
y naranjos cuajados de azahares suscitan
este sueño sin sueño que encadena y liberta.
En la sombra, mis labios de murmurios orantes
se fatigan y rumian las octavas de seda
donde el pico del cisne es la cuna que a Leda
le franquea las jambas rubís palpitante.
Del reloj una hora desplomose y rodó
y cerrada la herida del silencio, se inicia,
como gota en la piedra, la implacable caricia
del tic-tac que la Muerte por escolta nos dió.

¿Dónde estás mujercita de los senos menudos
que no siento en mi mano sus dos perlas templadas?
¿Dónde están las palabras por mi boca estrujadas
sobre el pálido monte de tus hombros desnudos?
Esta noche es muy larga y eran cortas aquellas
que prendida te vieron a mi pecho cansado,
extendido el cabello como un vino dorado
y contando por besos los enjambres de estrellas.
Esta noche mis ojos a cerrarse no aciertas;
el insomnio se hizo de mis nervios señor;
esta noche en mi carne y en mi alma despiertan
las remotas reliquias de mis culpas de amor.
(Fernández Mato, 1928).

Sétima parada, o Castro Pequeno

O Castro Pequeno, onde vivía Manicho Cativo, foi o primeiro dos dous asentamentos de Neixón no que se realizaron escavacións arqueolóxicas, a comezos do século XX. Os traballos de Fermín Bouza-Brey e Florentino López Cuevillas permitiron identificar numerosos restos de marisco, cerámica e escouras, testemuños da alimentación, da vida cotiá e da actividade metalúrxica dos seus habitantes. Os dous arqueólogos situárono, en 1926, na fase inicial da Idade do Ferro galega.




Figura 8. Ilustración de Farrapos de seda na que os pequen os barbanzóns acoden ao un barco fenicio para mercar seda (Carreiro, 2007b).

As investigacións posteriores permitiron remontar a súa primeira ocupación á transición entre o Bronce Final e a Primeira Idade do Ferro. Xurxo Ayán (2005) descríbeo como un importante centro metalúrxico e un enclave conectado coas rutas comerciais do sur da Península. Outros materiais recuperados nos castros de Neixón confirman estes contactos mediterráneos. Entre eles destaca un fragmento dun pequeno perfumario de vidro de tradición fenicio-púnica, atopado no Castro Grande, que demostra que Neixón formaba parte dunha extensa rede de intercambios marítimos.

Pepe Carreiro converte esta realidade arqueolóxica en aventura no volume *Farrapos de seda* (2007b), no que Manicho Cativo trae os seus amigos de Baroña a Neixón para mercaren seda aos fenicios (fig. 8).

Oitava parada, saúdo a Manuel Maneiro

Facemos esta parada para lembrar a Manuel Maneiro Castañeda, un home de fondo compromiso con Neixón e membro nas campañas de verán durante unha década. Non era arqueólogo, pero era un apaixonado da historia. Traballaba no colexio da Ramallosa como pedagogo terapeuta, onde quixo achegar a arqueoloxía tamén á rapazada. Deixounos inesperadamente no 2018 e é agora o eterno habitante de Neixón (fig. 9).



Figura 9. Última morada de Manuel Maneiro Castañeda (fotografía de Roque Brandón).

Esperemos que agora sexa ceibe para atopar a súa Troia e imos lembramos nos versos da poeta boirense Anxos Castro Parada:

Eu tamén quero ser ceibe
coma as ondiñas do mar,
rebélese a miña alma
que se quere liberar.
U-lo refrexo divino,
que non che podo atopar?,
chorando estou de amargura
por querer ser coma o mar.
Quixera ser un barquiño
para poder navegar
percorrer o mundo enteiro
coa anceiada liberdade.

Non te anoxes mar comigo,
non me queres acochar?
Durmida estou ficando,
xa non quero despertar.
(Castro Parada, 2022)

Novena parada, a fábrica.

Fronte a nós temos o Bodión, onde atopamos a ancoraxe desta ría co comercio. JEALSA deu esa continuidade ás rutas marítimas polas que chegaron a Neixón produtos mediterráneos. Agora desandamos o camiño levando nós os produtos do mar desde Boiro a numerosos países. JEALSA foi fundada en 1958 por Jesús Alonso Fernández, que comezara a súa actividade no negocio familiar de tecidos e na empresa de confección JEALFER. Inicialmente alugou unha fábrica en Vilaxoán, pero en outubro de 1965 puxo en funcionamento a factoría do Bodión que contemplamos desde aquí. En 1974 a compañía constituíuse como Jesús Alonso, S. A., nome do que naceu o acrónimo JEALSA. A súa marca máis coñecida, Rianxeira, leva décadas asociando as conservas coa identidade da ría. Segundo conta a propia empresa, a figura feminina do seu logotipo inspirouse na silueta de Sofía Loren na película *La donna del fiume* (fig. 10).



Figura 10. A imaxe de JEALSA Rianxeira (JEALSA Corporación, 2020).

Pero antes de JEALSA, no Bodión tiveron un acontecemento relacionado co que nos trae o mar que mereceu ata unha canción. Manuel Gago (2014) recolleu, en coplas, a historia da balea que bateu contra as pedras do peirao do Bodión, onde hoxe está a fábrica de JEALSA. Foi un acontecemento de sona que supuxo a chegada de xente de toda a contorna. A señora Lola (a Cuca) de Ferreiros foi a informante:

Xa vos direi mais tarde
o que lle ocorre a Barreiro,

non lle quixo dala carne
aos vecinos de Abanqueiro.

Xa veredes vós agora
a Praia do Bodión
que bonito queda o ancoradoiro
coa graxa do xibarrón.

Uns dín que é unha balea
outros un xibarro
quen levou un saco dela
foi Cachiñas o de Graso.

O señor Agustín viña
na procura dunha rebanada
non tiña onde levala,
lévalla a neta na faldra.

Acudiron de Cespón,
de Bealo e Taragoña
para matar a Balea
todos traían lagoña.

Decían os mariñeiros
aí ven un barco de guerra!
E cando varou na praia
resultou ser unha balea.

Andades mortos de pena.
Seica vos chegou o cheiro
que traía a balea?

Décima parada, os queixumes dos piñeiros

Seguimos a volta ao promontorio para admirar os frondosos piñeiros que se queixan no aire na súa melodía constante. Aquí, debemos recordar a Ramón Martínez López, boirense admirado. Destacado filólogo e fundador do Partido Galeguista, comezou a súa andaina como escritor na *Revista Nós*. Na edición de 1926, dá a nova de que atopara unha poesía inédita e autógrafa de Pondal cando estaba lendo *A tecedeira de Bonabal*, de López Ferreiro. Polo visto, o libro fora unha doazón do propio Pondal e nel deixou un papel cos seguintes versos:

Como soan, como soan
Os pinos co vendabal:

Soade, pinos, soade,
Q'he doce vos escuitar
Mas ay! do
Do ledo tempo pasado
Ou pinos non me falés:
Se hé de matarme, ou pinos
De suidades non querés.

No mesmo artigo lamentábase de que a obra de Pondal, "para vergoña de Galicia áchanse esquecidas e tratadas co máis noxento dos abandonos" (Martínez López, 1926, p. 3) deixando clara a súa postura reivindicativa xa dende novo.

Undécima parada, o tobo do raposo

Por Neixón había animais acuáticos e terrestres. Dos acuáticos, sobre todo do marisco, sabemos ben polos cuncheiros atopados nos xacementos. Tamén se atoparon restos de mamíferos, sobre todo ovino e caprino. Pepe Carreiro contábanos en *Castañas con porco bravo* (2007a) (fig. 11) o que lle gustaba a Manicho comer xabaril. E de seguro que tamén había raposos por aquí, como agora. Durante este paseo polo promontorio, atopamos algún que outro burato que podería ser un tobo dun raposo ou quizais nos conecte coa foliada do mouros da que falabamos antes.




Figura 11. Castañas con porco bravo (Carreiro, 2007a)

O raposo é un animal protagonista de fábulas e lendas na parroquia de Cespón. Falaba miña avoa dun que un corvo enganou dicíndolle que o levaba "ás *vodas al cielo*" e que deixou caer sobre un penedo para despois rirse da súa confianza cun "compadre mañas, ris ou arreghañas?". Outra historia de raposos mal parados é a recollida por Ramón Martínez López na revista *Nós* no 1925:

O galo e o raposo

No tempo en que falaban os animales, achou unha vez un raposo moi larpeiro a un galo erguido na pola d'un carballo e púxose a parolar co'el d'iste xeito:

—Bos días nos dé Deus amigo, cómo che vai?

—Ben e a ti?

—Non che oyo ben; porqué non baixas? Sei que desconfías? Non sabes que hay unha orde que di que agora nin os gatos poden comer aos ratos, nin os raposos aos galos nin os cas os raposos... baixa home que non che hei de facer nada.

—Xa sei hó; mais agora que me decato non son cans aqueles que veñen pra eiquí?

—E mais son! —dixo o raposo e dicindo isto deu en correr namentras que o galo rindo a gargalladas lle cantaba:

—¡Aaaamóstral-a ooorde! Aaaamostral-a ooorde!

Duodécima parada, os eucaliptos.

Dos piñeiros, pasamos aos eucaliptos. Aínda que semelle que levan aquí toda a vida, os eucaliptos chegaron a Galicia, segundo a tradición popular, porque Frei Rosendo Salvado os trouxo dunha viaxe a Australia. Sen embargo, o que si sabemos, por existir un documento da Real Sociedad Económica de Amigos do País de Santiago é que, no 1868, ían importar sementes para ver se se aclimataban ben (Segade Campoamor, 1868).

O eucalipto afíxose tan ben á costa galega, que agora parece ocupalo todo. Mais non foi o único produto chegado de ultramar que atopou aquí un terreo propicio. Se o clima favoreceu a expansión do eucalipto, a costa de Arousa, con innumerables lugares de agocho, unida á experiencia dos seus mariñeiros, facilitou durante décadas a entrada de mercadorías clandestinas. Porque, si, outra cousa pola que é famoso o promontorio de Neixón son os zulos de tabaco. Dicía Nacho Carretero en *Fariña* (2018):

O retorcido labirinto que forma a costa de Arousa facía o resto. As calas e praias eran escenario constante de multitudinarias descargas, ás veces, á plena luz do día. As caixas, xa en terra gardábanse en naves industriais, igrexas e casas de veciños, a cambio de xenerosas doazóns ou sobresoldos. Desde aquí distribuíanse por todo tipo de establecementos (ás veces, incluso estancos) ou pequenas organizacións locais. En ocasión o tabaco agochábase no mar, no reverso das bateas. Desta práctica naceu o termo "Winston de Batea".

Décimo terceira parada, terra de vides

As escavacións tamén permiten achegarnos á paisaxe agrícola que rodeaba o castro hai máis de mil anos. Durante as intervencións realizadas entre 2015 e 2018 no Castro Grande apareceu, dentro dunha das foxas, un fragmento carbonizado de madeira de vide, identificado como *Vitis vinifera*. A súa datación por carbono 14 sitúao aproximadamente entre finais do século VII e finais do IX, cunha maior probabilidade

entre os anos 762 e 883. A mostra serviu, de feito, para datar a terceira fase de ocupación altomedieval do xacemento (Barbeito Pose et al. 2026). Non é que poidamos asegurar que se elaborase viño, pero, polo menos, as vides formaban parte da vida cotiá. O viño, en cambio, si parece que estivo presente moito antes. Nas escavacións do Castro Grande apareceron numerosos fragmentos de ánforas usadas para transportar produtos alimentarios e tamén viño.

O cultivo da vide é frecuente nesta parroquia e en todo o concello, onde a nosa uva estrela é o raposo, tamén chamado branco lexítimo. No 2007, obtívose a indicación xeográfica viño da terra de Barbanza e Iria, onde o raposo é protagonista.

Décimo cuarta parada, o campo de fútbol.

A que xogaría Manicho Cativo cos seus amigos de Baroña? Ao fútbol, non, posto que o fútbol non chegou a estes lares ata comezos dos século XX. Cando os ingleses andaban de manobras por Vilagarcía, cóntase que xogaban ao fútbol cos noso veciños do outro lado da ría, pero trouxérono tamén a Boiro? Por Boiro andaron, pois contaban os veciños de Abanqueiro que facían excursións ata Mañóns e comían pan con manteiga e fabas con tomate (Torrado Cespón, 2008).



El colaborador de CELTIGA y ex presidente del "Real Club Celta", Ramón Fernández Mato, presencia un entrenamiento de los "célticas" en la vieja catedral de Coya, que pronto se cerrará al culto del deporte.
A sus lados, el mago del balón Espinosa y el intrépido Vega, dos "medios" célticos que reponen fuerzas.

Figura 12. Ramón Fernández Mato no campo do Celta de Vigo (Céltiga, 1928).

Aquí en Neixón había fútbol e os veciños recordan o campo activo e ben activo. Recordemos que foi a orixe da actual festa de Neixón. Agora non temos un equipo da parroquia pero o que si tivemos foi ao presidente do Celta de Vigo: Ramón Fernández Mato que animaba ao club ao berro de "ei, carballeira!" (Céltiga, 1928) (fig. 12).

Remate

Chegamos ao final do noso traxecto, que remata no lugar de onde partimos. Para pechar, imos falar de Carmen Hermo, a nosa primeira concelleira da democracia. Nos 80, chegou ao goberno co Partido Gallego Independiente e conta a veciñanza que fixo moito pola parroquia. Ademais, Carmen, Carmucha do Rego, é e sempre será a poetisa de Cespón. Admiradora de Bécquer, enfía versos rimados sobre múltiples temáticas, sendo habitual a súa presenza en actos de corte relixioso. Escollo para esta ocasión, unha das súas composicións festivas con tinturas de escarnio incluída na revista *Folía* das festas de Boiro:

O GAITEIRO

De Asados eran os dous.
Ata eran da familia.
El chamábase Gonzalo,
ela chamábase Oliva.

Desde que foran á escola
que se fixeron mociños.
Cando chegaron a grandes
tíñanse moito cariño.

Gonzalo era bo gaiteiro,
con tres homes máis formara
un grupiño que oufano
nas romarías tocaba.

Ela era costureira
e polas casas, cosía.
Sempre tiña bo humor.
Todo en ela era alegría.

Coa máquina na cabeza
polos camiños andando,
recordando ao seu amor
ía cantando e cantando:

“Tiruliru, tiruliru,
tiruliru, tiruleiro.
Tiruliru, tiruliru,
que ben toca o meu gaiteiro”.

Aló polos vintetantos
pensaron en se casar.
Xa querían durmir xuntos
e moi xuntos sempre estar.

Naquela noite de vodas,
cos ollos coma luceiros,
tan espida coma Eva
dicíalle así ao gaiteiro:
“Tócame a gaita, meu ben,
tócame a gaita, gaiteiro.
Tócame a gaita, meu ben,
que ti sera-lo primeiro”.

Decidiron non ter fillos,
os tempos estaban mal.
“Un pouco máis para diante”,
dicíalle el moi formal.

Oliva era moi feliz
do seu marido gozando;
nos camiños ou na casa
estaba sempre cantando:

“A muller do gaiteiriño
muller de moita fortuna,
porque eu teño dúas gaitas
outras non teñen ningunha”.

Facía que se casaran
dous anos e catro días.
Gonzalo estaba cansado
de tocar nas romarías.

Díxolle á súa muller
un día pola tardiña:
“Aquí vívese moi mal,
eu voume para Arxentina.

Ti xa non andarás máis
coa máquina na cabeza,
para nós, xoia querida,
vaise acaba-la pobreza.
Non me aumentes máis a pena,
muller, deixa de chorar,
que cando xunte os cartiños
para aló hei te levar.

Viviremos alá xuntos
ata que Noso Señor
nos queira manda-la morte.
Douche palabra de honor".

Con que cariño o dicía,
con que emoción, con que ansia!
Miña nai, que logo cambian
os homes coa distancia!

Aínda non pasara un ano,
aló no Centro Galego
coñeceu unha muller
que era de aquí de Viveiro.

A ela tocoulle a gaita
o resto da súa vida.
Nunca volveu por aquí.
Non se acordou máis de Oliva.

A muller xa non cantaba.
Tan só pensaba en Gonzalo:
Home de Deus!, que che fixen?
Fuches malo, malo, malo.

Uns veciños que ela tiña
con mala fe e sen graza
botaban ao aire a copla
recordándolle a desgraza:

"Á muller do gaiteiriño
retorcéuselle a fortuna,
antes tiña dúas gaitas
agora non ten ningunha".

Referencias

Ayán, X., García, S., González, L., Laíño, A., Novás, M.E., Sánchez, X.M. (2007) *De Sancti Vicentii de Sispalona a San Vicenzo de Cespón*. Cadernos Culturais, 9. Concello de Boiro.

Barbeito Pose, V. J., Fábregas Valcarce, R., Rodríguez Rellán, C., Martín Seijo, M., Cortegoso Comesaña, M. del M., Fariña Costa, A., Paz Camaño, A., Lago Mallo, E., Lago Somoza, V., e Bustelo Abuín, J. (2026). Investigando o Castro Grande de Neixón: as intervencións en 2015-2018. *El Museo de Pontevedra*, 65, 9–48. https://www.researchgate.net/publication/404041231_Investigando_o_Castro_Grande_de_Neixon_as_intervencions_en_2015-2018

Boiro. (7 de febreiro de 1932). *El Pueblo Gallego: rotativo de la mañana*, *9*(2456), p. 11. Galiciana: Biblioteca Dixital de Galicia.

Bouza Brey, F. (1929). Cantigas populares da Arousa. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 3, 150-204.

Carreiro, P. (2007a). *Castañas con porco bravo*. Toxosoutos.

Carreiro, P. (2007b). *Farrapos de seda*. Toxosoutos.

Carreiro, P. (2007c). *O ladrón de mel*. Toxosoutos.

Castro Parada, A. (2022). *Conversas comigo mesma & emociones arrítmicas*. Diversidad Literaria.

Céltiga (1928) Galicia Deportiva. *Céltiga*, *5*(78), 9-10. https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_em_pub1670_Celtiga_n078.pdf#page=12-14

Consello da Cultura Galega. (s.f.). *Castelao no Barbanza*. https://roteiros.culturagalega.gal/roteiros/ficha/18

El Ayán. (11 de xuño de 2009). Romaría de Cespón. *ArqueoNeixón. Proxecto Arqueolóxico dos Castros de Neixón*.

http://neixon.blogspot.com/2009/06/romaria-de-cespon.html

Fernández Dieste, J. (2005). *Aproveitando os días. Aula de educación de adultos. 3º Revista Recopilatoria de tradición oral. Curso 2004/2005*. Boiro.

Fernández Mato, R. (1928). Los frisos del deseo. Vigilia. *Céltiga*, *5*(96). https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_em_pub1670_Celtiga_n096.pdf#page=13

Francés, J. (1912). La vida artística. Exposición de arte gallego. *Mundo Gráfico*, *2*(30). https://hemerotecadigital.bne.es/hd/viewer?oid=0002075284

Gago, M. (2014, 15 de setembro). *Cando as baleas entraban na ría de Arousa*. Capítulo 0. https://www.manuelgago.org/blog/2014/09/15/cando-as-baleas-entraban-na-ria-de-arousa/

Hermo Abal, C. (2001) O gaiteiro. En VVAA, *Folía*. Concello de Boiro.

Jealsa Corporación. (2020, 25 de xuño). *De Martes y Trece al Pentawards: los ocho hitos publicitarios de Rianxeira.* https://jealsa.com/de-martes-y-trece-al-pentawards-los-ocho-hitos-publicitarios-de-rianxeira/

López Cuevillas, F., Bouza Brey, F. (1926a). Prehistoria galega: O Neixón. *Boletín de la Real Academia Gallega*, 181, 1-11.

López Cuevillas, F., Bouza Brey, F. (1926b). Prehistoria galega: O Neixón. *Boletín de la Real Academia Gallega*, 185, 103-108.

Martínez López, R. (1925) Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza. Contos. O galo e o raposo. *Revista Nós*, *6*(1). https://revistanos.galiciana.gal/recurso/ano-vi-numero-24---15-decembro-1925/ee79dfc0-1995-482b-ba31-e93263355113?pagina=17

Martínez López, R. (1926). Unha poesía inédita do noso bardo. *Revista Nós*, 7(2). https://revistanos.galiciana.gal/recurso/ano-vii-numero-36---15-decembro-1926/2110a134-0d1a-4b91-b5fa-89085f6925e4?pagina=5

Rey Alvite, J. (28 de abril de 1920). *Hojas Jacobeas: crónica del jubileo compostelano*, (5). Galiciana: Biblioteca Dixital de Galicia. https://arquivosdegalicia.xunta.gal/gl/arquivo-galicia/actividades/outras-actividades/introducion-do-eucalipto-en-galicia

Segade Campoamor, R. (1868). *Modo de sembrar la semilla de* eucaliptes globules. Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.

Torrado Cespón, M. (2009). *O fenómeno cultural de fascinoloxía. As Illas Británicas e Galiza*. Toxosoutos.

Torrado Cespón, M. (2020). Historias recollidas nalgúns cruceiros do concello de Boiro (A Coruña). En E. Fernández de la Cigoña, *Actas do II Congreso galego sobre curceiros e cruces de pedra*. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía.

Torrado Cespón, M. (2024). A parroquia de Cespón no cancioneiro popular. *Anuario de Estudos do Barbanza*, 19, 83-92. https://www.barbantia.es/www/cont/wp-content/uploads/2026/01/ANUARIO_2024rrss.pdf

Valladares Núñez, M. (1970). *Cantigueiro popular*. Real Academia Galega. https://doi.org/10.32766/rag.52